



**Presiden:**

Adrián Ares Legaspi

Juan Coira Pociña

Carlos de Castro Álvarez

**Aforo limitado**

Inscripcións na Oficina de Turismo

ou no tfno.: 981 430 270



XORNADAS  
SOBRE A HISTORIA LOCAL DE  
**PONTEDEUME**  
750 ANIVERSARIO



**23 e 24 de outubro**

Centro de Maires de Pontevedra



*Pontevedra*



*Pontevedra*



# Xornadas sobre a Historia local de **PONTEDEUME** 750 aniversario

Con motivo do 750 aniversario da fundación da vila de **Pontedeume**, celébranse no Centro de Maiores (**Pontedeume**) as xornadas adicadas á historia local da vila e que complementan a exposición “750 anos construíndo a historia de **Pontedeume**” (agosto-novembro do presente ano). Ás liñas temáticas tratadas na exposición (a fundación da vila, a súa xurisdición e actividades económicas, os mosteiros da contorna, a familia Andrade...), engádense nestas xornadas diversos asuntos que atinxen á historia de **Pontedeume**: os seus fitos ao longo destes 750 anos, o seu patrimonio documental e artístico, material e inmaterial, cuestións de índole historiográfica, arqueolóxica, antropolóxica, cultural, económica, social e xeográfica, etc.

Un encontro que reúne a diversas investigadoras/es que teñen traballado sobre estes temas xunto con outras actividades que supoñen unha oportunidade para aproximarse á historia da vila, dos seus protagonistas nestes 750 e para afondar nos distintos fitos de **Pontedeume** e a comarca do **Eume**.

Por último, as xornadas son un evento magnífico para achegar a historia ao noso alumnado, concienciando ás profesoras/es da necesaria procura dunha mellor comprensión e maior interese e motivación por parte do alumnado, de atopar exemplos das categorías estudadas no entorno máis inmediato, facéndolle ver que moitos dos fenómenos históricos e artísticos non son alleos, senón, antes ben, poden ser estudados a nivel local e comarcal.

## VENRES 23

**16.30h.** Recepción dos participantes.

**16.45h.** Presentación das Xornadas polo Sr. Alcalde de Pontedeume, *Bernardo Fernández Piñeiro*.

### **Sesión 1. Presidida por Adrián Ares Legaspi.**

**17.00h.** Reflexiones sobre la historiografía local. *Carlos de Castro Álvarez*.


**17.30h.** O patrimonio en Pontedeume. Vellos e novos paradigmas. *Antón Prego Fernández*.

**18.00h.** Pausa.

**18.30h.** Presentación do libro: *Lucía Costas Fernández, Carolina Macedo Cordal, Henrique Sanfiz Raposo, Artistas da Comarca Eumesa (s. XV-XIV)*.

**19.00h.** Aproximación aos alcumes de Pontedeume. *Lucía Costas Fernández, Carola Macedo Cordal*.

**19.30h.** As Fragas do Eume: patrimonio relixioso e natural. *José Manuel Yáñez Rodríguez*.



## SÁBADO 24

### **Sesión 2. Presidida por Carlos de Castro Álvarez.**

**10.00h.** “Que ençierren y su pan y su vino”: alimentos da comarca eumesa no pasado. *Juan Coira Pociña*.

**10.30h.** La institución más antigua de la villa de Pontedeume: la parroquia de Santiago. Orígenes y datos para una historia general. *Xesús Andrés López Calvo*.

**11.00h.** Pausa.

**11.30h.** Las pandemias en Pontedeume. *Juan Carlos Vázquez Arias*.

**12.00h.** Percorrer cinco décadas do século XX. *Bernardo Máiz Vázquez*.

### **Sesión 2. Presidida por Juan Coira Pociña.**

**17.00h.** Quen escribía en Pontedeume na Idade Media? *Adrián Ares Legaspi*.

**17.30h.** Cruceiros e cruces de Pontedeume y comarca. *Juan José Burgoa Fernández*.

**18.00h.** Presentación do libro: *Carlos de Castro Álvarez, Juan Coira Pociña, Adrián Ares Legaspi, 750 anos construíndo a historia de Pontedeume*.

**18.30h.** Pausa.

**19.00h.** A prensa e a xeración de prata eumesa. *Xavier Brisset Martín*.

**19.30h.** Breve historia da revista eumesa de estudos Cátedra. *Alexandre Cainzos Corbeira*.

**20.00h.** Clausura das Xornadas.